

1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Webinario Protección de datos a partir da pandemia COVID-19

CONVOCATORIA: Webinario Protección de datos a partir da pandemia COVID-19

GRUPO: Servizo EIP EGAP

ÁREA: Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa

CUALIFICACIÓN:	ASISTENCIA	PLAN:	FONDOS EGAP	HORAS:	3
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2020
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	DIVULGACIÓN	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 14/10/2020 - 08:00h ao 21/10/2020 - 23:55h

RESPONSABLE: OLIE TE TRILLO, PAULA [paula.oliete.trillo@xunta.gal]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O obxectivo principal desta actividade é tomar coñecemento das últimas novidades na aplicación da normativa de protección de datos a partir da emerxencia sanitaria derivada da pandemia COVID-19 e analizar o impacto das medidas adoptadas sobre os dereitos recollidos na devandita normativa.

DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica da Comunidade Autónoma de Galicia e dos seus entes instrumentais.

PROGRAMA

Nesta actividade trataranse principalmente os seguintes contidos:

1. Dereitos fundamentais e dereito á privacidade no novo contexto a partir da COVID-19.
2. Análise xurídica do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas respecto ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE (RGPD-GDPR).
3. Referencias á Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).
4. Resolución de consultas frecuentes:
 - a) Realización de test da COVID-19 aos/as traballadores/as.
 - b) Toma de temperatura en accesos.
 - c) Uso de cámaras térmicas.
 - d) Identificación por recoñecemento facial.
 - e) Uso de aplicacións de rastrexamento de localización e/ou de contactos.
 - f) Dereito á desconexión dixital a partir da pandemia.
5. Atención de dúbidas e preguntas.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A orde de admisión virá determinada pola data e hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS

1. As solicitudes de participación nesta actividade formativa só poderán realizarse mediante o formulario de matrícula telemática dispoñible na dirección <<https://egap.xunta.gal/matricula>>.
2. Deberá seleccionar primeiro a área na que está integrada esta actividade (Administración electrónica, protección de datos e calidade administrativa) e despois seleccionar, en nome do curso: webinar Protección de datos a partir da pandemia COVID-19.
3. Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade todas as persoas deben introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula.

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN **INICIO / FIN:** 29/10/2020 a 29/10/2020

NUM. PRAZAS: 60 **ESTADO:** NORMAL **DATA EXAME:**

DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE

LUGAR DE REALIZACIÓN DO EXAME

Escola Galega de Administración Pública (EGAP). Rúa Madrid 2-4. 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña)
TELEPRESENZA 3: O día 29 de outubro de 11:00 a 14:00.
TELEPRESENZA 4: O día 29 de outubro de 11:00 a 14:00.